



Guía Docente				
Datos Identificativos				2015/16
Asignatura (*)	Prácticas profesionais externas I	Código	610G02047	
Titulación	Grao en Bioloxía			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Cuarto	Optativa	6
Idioma	CastelánGalegoInglés			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Bioloxía Animal, Bioloxía Vexetal e EcoloxíaBioloxía Celular e Molecular			
Coordinación	Martinez Lage, Andres	Correo electrónico	andres.martinez@udc.es	
Profesorado	Bernal Pita da Veiga, angeles	Correo electrónico	angeles.bernal@udc.es	
	Martinez Lage, Andres		andres.martinez@udc.es	
Web	ciencias.udc.es/estudiantes/secretaria-do-alumnado/pr%C3%A1cticas-profesionais			
Descrición xeral	<p>Os alumnos poderán optar por cursar prácticas profesionais externas, en empresas ou institucións, por un total de 6 ou 12 créditos ECTS, no lugar de 1 ou 2 materias optativas. A Facultade de Ciencias ven desenvolvendo dende o curso 2005/06 un programa de prácticas profesionais, cunha participación promedio no entorno dos 50-70 alumnos por ano, polo que ten ampla experiencia na xestión deste tipo de actividade.</p> <p>Para poder participar nunha estada en prácticas o alumno deberá:</p> <ul style="list-style-type: none">i) Estar matriculado nalgunha titulación de grao da Facultade de Cienciasii) Ter superado cando menos 120 créditos ECTS, que deben de incluír todos os de formación básicaiii) Superar o proceso selectivo que se puidera establecer. Non poderán ser beneficiarios de estadas en prácticas os estudantes que manteñan algunha relación contratual coa correspondente empresa ou entidade, agás autorización obtida de conformidade coa normativa interna da UDC <p>Só se recoñecerán académicamente aquelas estadas que:</p> <ul style="list-style-type: none">a) Se desenvolvan nunha praza ofertada ou aprobada pola Facultade. Se dita praza non correspondese á oferta realizada pola Facultade, senón que fose promovida noutro ámbito (Consello Social da UDC, Fundación UDC, outros organismos, etc.), recabarase a información que fose precisa para confirmar o cumprimento dos obxectivos arriba indicados sobre concurrencia competitiva con selección baseada en mérito e capacidadeb) Teñan sido cubertas mediante un proceso convocado en concurrencia libre e competitiva e cuha selección baseada en mérito e capacidadec) Teñan sido realizadas baixo a titoría dun titulado superior pertencente á empresa, organismo público de investigación ou institución equiparable que oferte a praza, preferiblemente da mesma titulación ou titulacions afíns á do estudanted) Obteñan un informe favorable da Comisión de Docencia e Validacións sobre a actividade realizada, baseado no informe aportado e na valoración feita polos titores académico e de empresa (modelos no Anexos III e IV) <p>O proceso de avaliación, previo á decisión da Comisión de Docencia, se atará á normativa de cualificacións da UDC.</p>			

Competencias do título	
Código	Competencias do título
B1	Aprender a aprender.
B2	Resolver problemas de forma efectiva.
B3	Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo.



B4	Traballar de forma autónoma con iniciativa.
B5	Traballar en colaboración.
B6	Organizar e planificar o traballo.
B7	Comunicarse de maneira efectiva nunha contorna de traballo.
B8	Sintetizar a información.
B9	Formarse unha opinión propia.
B10	Exercer a crítica científica.
B11	Debater en público.
B12	Adaptarse a novas situacións.
B13	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional.

Resultados da aprendizaxe	
Resultados de aprendizaxe	Competencias do título
Mellora no coñecemento do entorno profesional dos Graduados en Bioloxía, así como da capacidade de aplicar os coñecementos académicos adquiridos nun entorno profesional.	B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B12 B13

Contidos	
Temas	Subtemas
Segundo o plan de traballo acordado coa empresa para cada alumno.	Segundo o plan de traballo acordado coa empresa para cada alumno.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Traballos tutelados	B13 B12 B11 B10 B9 B8 B7 B6 B5 B4 B3 B2 B1	132	0	132
Resumo	B3 B4 B6 B7 B8 B9 B10 B13	0	18	18
Atención personalizada		0	0	0

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición



Traballos tutelados	<p>A empresa ou institución nomeará un titor, que deberá ser un titulado superior, preferiblemente da mesma titulación ou titulacións afíns á do estudante, e que se encargará das seguintes funcións:</p> <ol style="list-style-type: none">1. Proporcionar ao Centro unha breve descrición do traballo a realizar polo alumno, indicando os coñecementos específicos e habilidades que ha de ter o alumno para levalo a cabo e indicar a formación que adquirirá o alumno durante a realización do traballo2. Orientar ao alumno durante a realización do traballo3. Elaborar un informe final, dirixido ao Decanato da Facultade no que se avalíe o grao de aproveitamento acadado polo estudante <p>O alumno terá ademáis un titor académico na Facultade, que será quen revise o informe emitido polo alumno, facendo por escrito as recomendacións e puntualizacións pertinentes para correxilo e melloralo. Á vista destas recomendacións, o alumno revisará o documento e o entregará no Negociado de alumnos xunto cunha instancia solicitando a súa avaliación.</p>
Resumo	<p>Esta Memoria constará das seguintes partes e pola citada orde:</p> <ol style="list-style-type: none">1. INDICE<ol style="list-style-type: none">1.1 Debe de recoller os documentos dos que consta o informe2. DATOS DO ALUMNO<ol style="list-style-type: none">2.1 Breve información sobre o alumno (apelidos, nome, DNI, dirección de contacto, teléfonos e dirección de correo electrónico)3. DATOS DA EMPRESA<ol style="list-style-type: none">3.1 Breve información sobre a empresa (nome, situación, sector de actividade, organigrama, número de empregados, etc...)4. RESUMO DAS PRÁCTICAS<ol style="list-style-type: none">4.1 Resúmen do traballo desenvolvido polo alumno durante o período das prácticas5. ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS<ol style="list-style-type: none">5.1 Obxectivo das prácticas. Neste apartado débense de recoller os obxectivos que se perseguen co traballo5.2 Traballo encomendado. Fundamento teórico e experimental das diferentes actividades desenvolvidas durante o período de prácticas tendo en conta, no seu caso, o segredo profesional ao que está obrigado5.3 Distribución temporal. Distribución das tarefas realizadas, especificando a duración das mesmas e as unidades ou Departamentos nas que se realizaron5.4 Formación recibida. Cursos, programas informáticos, seminarios, charlas, etc...5.5 Nivel de integración dentro do departamento e relacións co persoal6. CONCLUSIÓNS<ol style="list-style-type: none">6.1 Adecuación ás ensinanzas recibidas na Facultade para o desempeño da práctica6.2 Valoración persoal da aprendizaxe conseguida ao longo de toda a práctica6.3 Declaración de responsabilidade do alumno (achégase modelo Anexo I)

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Resumo Traballos tutelados	A atención personalizada servirá para facer un seguimento detallado das actividades e da evolución do alumno, contribuíndo á súa avaliación continuada.

Avaliación



Metodoloxías	Competencias	Descrición	Cualificación
Resumo	B3 B4 B6 B7 B8 B9 B10 B13	Para acadar recoñecemento académico, sempre que a estada desenvolvida cumpra as condicións especificadas anteriormente o alumno deberá remitir ao Decanato da Facultade un relatorio detallado dos traballos e actividades realizadas. Tal relatorio será elaborado dacordo cun modelo ad hoc. O titor académico revisará o informe emitido polo alumno, facendo por escrito as recomendacións e puntualizacións pertinentes para correxilo e melloralo. Á vista destas recomendacións, o alumno revisará o documento e o entregará no Negociado de alumnos xunto cunha instancia solicitando a súa avaliación. O informe do alumno será avaliado pola Comisión de Docencia e Validacións do centro que, tendo en conta o informe do titor da empresa e as recomendacións do titor académico, outorgará a cualificación que aparecerá na acta.	50
Traballos tutelados	B13 B12 B11 B10 B9 B8 B7 B6 B5 B4 B3 B2 B1	A empresa ou institución nomeará un titor, que elaborará un informe final, dirixido ao Decanato da Facultade no que se avalíe o grao de aproveitamento acadado polo estudante.	50

Observacións avaliación

Se valorará no seu conxunto a labor realizada durante as prácticas e a memoria realizada sobre as mesmas.

Fontes de información

Bibliografía básica - (*). En cada caso, o titor/a na empresa / institución e o titor/a académico suxerirán as fontes de información máis acaídas ao plan de traballo..

Bibliografía complementaria

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Química/610G02001
Física/610G02002
Matemáticas/610G02003
Xeoloxía/610G02004
Estatística/610G02005
Xeografía: Xeografía física/610G02006
Citoloxía/610G02007
Histoloxía/610G02008
Organografía microscópica/610G02009
Bioquímica: Bioquímica I/610G02011
Bioquímica: Bioquímica II/610G02012
Microbioloxía/610G02015
Microbioloxía aplicada e control microbiolóxico/610G02016
Xenética/610G02019
Botánica sistemática: Criptogamia/610G02024
Botánica sistemática: Fanerogamia/610G02025
Fisioloxía vexetal: Fisioloxía vexetal I/610G02027
Fisioloxía vexetal: Fisioloxía vexetal II/610G02028
Zooloxía: Zooloxía I/610G02031
Zooloxía: Zooloxía II/610G02032

Materias que se recomenda cursar simultaneamente



Materias que continúan o temario

Traballo fin de grao/610G02046

Observacións

Observacións É recomendable tentar cursar as prácticas pre-profesionais durante o verán anterior a comezar o cuarto curso, co fin de que o segundo semestre quede máis despexado a nivel horario.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías
